



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ACTA CUARTA DO TRIBUNAL

Data:	Día 28/10/2024, ás 12:30 horas.
Proceso:	OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021). Proceso selectivo de persoal laboral fixo-discontinuo, por concurso-oposición, para a praza de Técnico/a Minas de San Finx (5112). Convocatoria publicada: sede electrónica, 08/07/20024; BOP 134, 12/07/2024; DOG 141 do 22/07/2024; BOE 184 do 31/07/2024
Expediente:	2024/E001/000024

No día e hora indicados, reúnense de xeito telemático, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 541 do 26/08/2024):

1. Presidenta: Paula Ares Otero
2. Vogal 1ª: María Dolores Suárez Becerra
3. Vogal 2º: Santiago Severino Nieto Romarís
4. Vogal 3º: Alberto García Sánchez
5. Secretario: José Martínez Redondo

### **Antecedentes:**

**Primeiro:** A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos é a seguinte (Resolución de Alcaldía núm. 541 do 26/08/2024):

2024/E001/000024	Técnico/a Minas San Finx (5112)						
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Avilés Calo, Mirian	Si	***9952**	Si	Si	Si	Si	Si
Garrido Silva, Mónica María	Si	***3482**	Si	Si	Si	Si	Si
Roo Vázquez, Beatriz	Si	***3624**	Si	Si	Si	Si	Si
Sánchez Arines, Carmen María	Si	***2156**	Si	Si	Si	Si	Si

**Segundo:** O día 27/08/2024 tivo lugar a primeira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo a constitución formal do mesmo, a manifestación da non concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nos membros do Tribunal, o reparto do temario para formular as preguntas da fase da oposición e a asignación ao Secretario do Tribunal da baremación da fase de concurso.

**Terceiro:** O día 08/10/2024 tivo lugar a segunda reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo o desenvolvemento da fase de oposición, co seguinte resultado:

Código Identificativo	Puntuación Exame Test	Puntuación exame escrito	Puntuación fase oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	8,50	19,50	28,00
TMSF/2024/E001/000024/X	14,00	24,00	38,00
TMSF/2024/E001/000024/Y	11,50	19,50	31,00
TMSF/2024/E001/000024/Z	17,50	19,50	37,00





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Á vista do anterior, o resultado da fase de oposición do proceso selectivo é o seguinte:

Código identificativo	Puntuación fase de oposición	Supera a fase de oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	28,00	Non
TMSF/2024/E001/000024/X	38,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Y	31,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Z	37,00	Si

A Acta 2ª do Tribunal Cualificador foi publicada na sede electrónica do Concello de Lousame o día 16/10/2024.

**Cuarto:** O día 21/10/2024 tivo lugar a terceira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo, en acto público, a apertura do sobre identificativo que relaciona a cada un dos aspirantes presentados cos códigos asignados, co seguinte resultado:

Código identificativo	Aspirante
TMSF/2024/E001/000024/W	Mirian Avilés Calo (**9952**)
TMSF/2024/E001/000024/X	Mónica Garrido Silva (**3482**)
TMSF/2024/E001/000024/Y	Carmen María Sánchez Arines (**2156**)
TMSF/2024/E001/000024/Z	Beatriz Roo Vázquez (**3624**)

A Acta 3ª do Tribunal Cualificador foi publicada na sede electrónica do Concello de Lousame o día 22/10/2024.

**Quinto:** O día 18/10/2024 con rexistro de entrada 202499900000633, a aspirante Carmen María Sánchez Arines con DNI \*\*2156\*\*, presenta alegación no seguinte sentido:

"Que téndome presentado ao proceso selectivo de persoal laboral fixo-discontinuo, por concurso-oposición, para a praza de Técnico/a Minas de San Finx, e unha vez publicada na Sede Electrónica do Concello de Lousame a acta nº 2 na que se recolle no Anexo II a plantilla de respostas do exame tipo test, detectei un fallo na mesma.

Así, segundo a presidencia da Xunta de Galicia, a actual norma que regula a actividade turística na nosa Comunidade Autónoma é a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia polo que, na pregunta 34, a resposta correcta é a D) Son falsas todas as respostas. Xa que logo, a opción A) que se recolle na plantilla é incorrecta, pois non é do día 17 senón do 27."

### **Resolución da Alegación presentada:**

A pregunta núm. 34 do exame tipo test, establecía:

34.- *Que norma regula a actividade turística na Comunidade Autónoma de Galicia?*

- A) *Lei 7/2011, do 17 de outubro, do Turismo de Galicia.*
- B) *Lei 5/16, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- C) *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.*
- D) *Son falsas todas as respostas.*

No Anexo II da Acta 2ª do Tribunal (Plantilla de Respostas) dábase como correcta a resposta A):

Pregunta	A	B	C	D	Resultado
34	X				

A lei á que facía referencia a pregunta é a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia. Mais por un erro de transcripción na resposta A) sinalouse a "Lei 7/2011, do 17 de outubro, do Turismo de Galicia".

Deste xeito, ao transcribir de xeito erróneo a identificación da Lei, a resposta que pasa a ser correcta é a número D) que sinala que "son falsas todas as respostas".





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A alegación da aspirante Carmen María Sánchez Arines con DNI \*\*\*2156\*\* debe ser aceptada, e polo tanto, sinalar que a resposta correcta á pregunta número 34 é a D).

En consecuencia, deben ser revisadas todas respostas e corrección efectuadas en relación á pregunta número 34. Do que resulta que:

Código identificativo e aspirante	Pregunta 34
TMSF/2024/E001/000024/W Mirian Avilés Calo	Deu como válida a resposta A), que agora pasa a ser incorrecta.
TMSF/2024/E001/000024/X Mónica Garrido Silva	Deu como válida a resposta A), que agora pasa a ser incorrecta.
TMSF/2024/E001/000024/Y Carmen María Sánchez Arines	Deu como válida a resposta D), que agora pasa a ser correcta.
TMSF/2024/E001/000024/Z Beatriz Roo Vázquez	Deu como válida a resposta A), que agora pasa a ser incorrecta.

Así, a puntuación que obtén cada aspirante, no exame tipo test varía do seguinte xeito:

	PRIMEIRA CORRECCIÓN				CORRECCIÓN TRAS ALEGACIÓN Á PREGUNTA 34			
TMSF/2024/E001/000024/W Mirian Avilés Calo	Ben	27	0,50	13,50	Ben	26	0,50	13,00
	Mal	20	-0,25	-5,00	Mal	21	-0,25	-5,25
	Blanco	13	0,00	0,00	Blanco	13	0,00	0,00
	Total			8,50	Total			7,75
TMSF/2024/E001/000024/X Mónica Garrido Silva	Ben	32	0,50	16,00	Ben	31	0,50	15,50
	Mal	8	-0,25	-2,00	Mal	9	-0,25	-2,25
	Blanco	20	0,00	0,00	Blanco	20	0,00	0,00
	Total			14,00	Total			13,25
TMSF/2024/E001/000024/Y Carmen María Sánchez Arines	Ben	33	0,50	16,50	Ben	34	0,50	17,00
	Mal	20	-0,25	-5,00	Mal	19	-0,25	-4,75
	Blanco	7	0,00	0,00	Blanco	20	0,00	0,00
	Total			11,50	Total			12,25
TMSF/2024/E001/000024/Z Beatriz Roo Vázquez	Ben	41	0,50	20,50	Ben	40	0,50	20,00
	Mal	12	-0,25	-3,00	Mal	13	-0,25	-3,25
	Blanco	7	0,00	0,00	Blanco	7	0,00	0,00
	Total			17,50	Total			16,75

Así pois, o resultado da fase de oposición, tras a aceptación da alegación á pregunta número 34, é o seguinte:

Código Identificativo	Aspirante	Puntuación Exame Test	Puntuación exame escrito	Puntuación fase oposición	Supera a fase de oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	Mirian Avilés Calo	7,75	19,50	27,25	Non
TMSF/2024/E001/000024/X	Mónica Garrido Silva	13,25	24,00	37,25	Si
TMSF/2024/E001/000024/Y	Carmen M <sup>a</sup> Sánchez Arines	12,25	19,50	31,75	Si
TMSF/2024/E001/000024/Z	Beatriz Roo Vázquez	16,75	19,50	36,25	Si





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Á vista do sinalado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade de todos os membros, **ACORDA:**

**Primeiro:** Estimar a alegación presentada pola aspirante Carmen María Sánchez Arines con DNI \*\*\*2156\*\*, en relación á pregunta número 34, dando por correcta a resposta D), en vez da resposta A).

**Segundo:** Unha vez revisada e corrixida de acordo co criterio anterior, a pregunta número 34 de todos os aspirantes, o resultado da puntuación que acada cada aspirante no exame tipo test, e no total da fase de oposición é a seguinte:

Código Identificativo	Aspirante	Puntuación Exame Test	Puntuación exame escrito	Puntuación fase oposición	Supera a fase de oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	Mirian Avilés Calo	7,75	19,50	27,25	Non
TMSF/2024/E001/000024/X	Mónica Garrido Silva	13,25	24,00	37,25	Si
TMSF/2024/E001/000024/Y	Carmen M <sup>a</sup> Sánchez Arines	12,25	19,50	31,75	Si
TMSF/2024/E001/000024/Z	Beatriz Roo Vázquez	16,75	19,50	36,25	Si

**Terceiro:** Anunciar que o Tribunal, en acto non público, procederá á baremación da fase de concurso o luns, día 4 de novembro, ás 13:30 horas, no Concello de Lousame.

**Cuarto:** Publicar a presente Acta no Taboleiro da Sede Electrónica.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 13:00 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina dixitalmente cada membro do Tribunal.

